

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: Relixión Católica  
DEPARTAMENTO: Relixión Católica  
DATA: 13/05 /2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

3ª AVALIACIÓN					Estándares de aprendizaxe avaliados
Tema/ UD	Identif. Contidos	Identi. criterios	Identi. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe
3	B3	B3.2	B3.3.2.1	CCL/CAA	Identifica e xustifica as diferenzas entre a natureza humana e divina de Xesús nos relatos evanxélicos
			B3.3.2.2	CCL/CSIEE	A partir da lectura dos textos evanxélicos recoñece os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil
4	B4	B4.1	B4.4.1.1	CCL/CSC/CCE C	Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa: Sacramentos, Palabra de Deus, caridade, autoridade
		B4,2	B4.4.2.1	CSC/CCEC	Recoñece nos Sacramentos a acción do Espírito que constrúe a Igrexa

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Para a nota da terceira avaliación, priorizaremos os resultados acadados nas dúas avaliacións anteriores, e teremos en conta o traballo realizado nesta terceira avaliación.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Táboas de rexistro das tarefas enviadas polo alumnado.</li> <li>- Cuestionarios de google forms para obter evidencias do aprendido.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Faremos unha media das dúas primeiras avaliacións.</li> <li>- A cualificación final poderá ser incrementada valorando o seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Mantemento do vínculo escolar: participación e implicación</li> <li>❖ Continuidade no traballo realizado.</li> </ul> </li> </ul> <p>Esfuerzo na realización das tarefas: respostas adecuadas, boa presentación, tarefas ben feitas, demostración do aprendido...</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Superación dos estándares de aprendizaxe das materias pendentes.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os docentes con alumnado que teña algunha materia pendente, enviarán materiais para repasar os contidos relacionados cos estándares pendentes. Unha vez repasados: farán unha proba (cuestionario de google, proba oral por videoconferencia, ficha tipo exame) que evidencie o aprendido.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

- **Fichas** para traballar os distintos contidos.
- **Propostas** para a redacción de distintos tipos de **textos**.
- Propostas de traballos relacionados coa **lectura**.
- **Vídeos**: tanto vídeos publicados na rede, como vídeos elaborados polo profesorado para explicar distintos contidos.
- Realización de **cuestionarios (google forms)**: para comprobar o aprendido.
- **Actividades interactivas**: xogos de memoria, puzzles, contos, cancións, en, test, actividades de relacionar, encrucillados, sopas de letras, roscos de palabras... Elaborados con educaplay, learning apps, jigsaw planet, Quizizz,...

#### Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- Para facilitar ás familias a adaptación dos horarios de traballo as súas circunstancias e situacións, **porpoñémoslles as tarefas de xeito de semanal**.
- Planificamos o traballo e subimos os arquivos (pdf, vídeos, formularios interactivos, enlaces...) nas seguintes **plataformas** "Agueiro" (2º, 3º, 4º e 5º), Google classroom (6º), Padlet (1º), Blogger (Educación Infantil, Inglés e música) e correo electrónico.
- **Cada luns, enviamos por email as directrices e a proposta de para esa semana**. Igualmente, publicamos os enlaces ás tarefas na páxina **web do centro**.
- Durante a semana, **imos corrixindo** todos os traballos que recibimos por email, solucionando dúbidas... Así mesmo, **estamos dispoñibles** por distintos medios (teléfono, correo electrónico, videoconferencias...) para resolver dúbidas, falar e traballar algún contido.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Igualmente, en 3º, 4º e 5º, facemos un seguimento diario do traballo que fan os alumnos/as en Snappet.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Agueiro, Google Classroom, blogger, padlet:</b> serven de "taboleiro" para a planificación e os arquivos necesarios para o traballo semanal.</li> <li>- <b>Correo electrónico:</b> comunicación continua coas familias; medio de intercambio das tarefas feitas e das correccións correspondentes.</li> <li>- <b>Snappet:</b> cada alumno/a ten o seu usuario e contrasinal. Facemos un seguimento diario do traballo que fan na aplicación. Igualmente, respondemos dúbidas mediante o chat de dita aplicación. Sérvenos, fundamentalmente, para repasar contidos e afianzar aprendizaxes.</li> <li>- <b>Cisco webex:</b> utilizámola para as reunións do claustro. Ademais, con ela grabamos sesións de clase para compartilas despois co alumnado.</li> <li>- <b>Genially:</b> empregámola para facer presentacións audiovisuais, especialmente para as materias de Ciencias.</li> <li>- <b>Educaplay, learning apps, jigsaw planet, Quizizz,...:</b> elaboramos actividades interactivas e compartimos outras que están dispoñibles.</li> <li>- <b>Google drive e google forms:</b> para facer cuestionarios que permitan ter evidencias do aprendido.</li> <li>- <b>Blogger:</b> no centro, ademais do blog de música, o blog de inglés e o blog de Educación Infantil, fixemos un blog de retos no que participamos todos os docentes.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• As instrucións ditadas pola Consellería, así como este documento - guía (unha vez conte co visto e praxe da Inspección Técnica Educativa), será publicado na páxina web do centro.</li></ul> <p>Igualmente, enviarase un comunicado por Tokapp e/ou AbalarMobil e/ou email, indicando a dispoñibilidade de ditos documentos na web.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.